

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 29 DE MARZO DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vintenove de marzo de dous mil sete; as doce do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión extraordinaria urxente da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebío, Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.- Non asiste Dona Manuela Iglesias Collarte.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

PRIMEIRO.- RATIFICACION DA URXENCIA DA SESION.-

Os membros integrantes da Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, ratifican a urxencia da sesión, a cál ven motivada por unha cuestión de prazos.

SEGUNDO.- APROBACION, SE PROCEDE, DA CERTIFICACIÓN NUM. 3 DA OBRA DENOMINADA “ ACONDICIONAMENTO DO PASEO ENTRE MURALLAS DO CASTELO DOS SARMIENTOS ATA TORREON-FASE I E ACONDICIONAMENTO DO RECINTO INTERIOR DA NECROPOLIS”.-

CERTIFICACION DE OBRA.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a Certificación Ordinaria núm. 3 da obra denominada “ Acondicionamento do Paseo entre Murallas do Castelo dos Sarmientos ata Torreón-Fase I e Acondicionamento do recinto interior da Necrópolis”, por importe de 159.321,11 euros.”

E sendo as doce e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.